
IMPRESIÓN NOCTURNAS

XOVES 22 XANEIRO 2026

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Johanna Malangré, directora

Alexandra Dariescu, piano

CONVERSANDO CON... Johanna Malangré,

Alexandra Dariescu e Lula Romero

Sala Mozart, 19.45 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

I.

MAURICE RAVEL (1875-1937)

Pavana para unha infanta defunta

Concerto para piano en Sol maior

Allegramente

Adagio assai

Presto

II.

MARY HOWE (1882-1964)

Stars*

LULA ROMERO (1976)

recurrence**

GABRIEL FAURÉ (1845-1924)

Suite de Pelléas et Mélisande, Op. 80

Preludio. Quasi adagio

Fiadeira. Andantino quasi allegretto

Siciliana. Alegretto molto moderato

A morte de Mélisande. Molto adagio

* Estrea en España

** Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa). Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida con achegar a música clásica a todo o territorio galego, con especial atención aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Kiyoko Ohashi
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Ildiko Oltai
Elena Rodríguez ***
Catarina Barbosa ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Helena Sengelow
Samira Ajkic
Irina Gruia
Enrique Roca
Lia Theotonio ***
Marie Esther Cooper ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Inmaculada Muedra ***

VIOLONCELLOS

Millán Abeledo *
Thomas Piel **
Carlos García
Fabio Arias
Manuel Lorenzo
Nicolás Casamayor ***
Nicolás Concheiro ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo (R)
Nicolás García ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Alberto López ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓN

Iago Ríos (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)
Juan A. Vázquez Mouzo (R)
Lola Olmo ***

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

JOHANNA MALANGRÉ

DIRECTORA

Eloxiada como «unha directora natural» pola Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a premiada directora alemá Johanna Malangré é directora titular da Orchestre de Picardie (Francia) desde setembro de 2022 e destaca pola súa musicalidade electrizante e pola súa presenza magnética no podio.

Como directora convidada, Malangré conduciu recentemente a Filharmónica de Múnic, a Orquestra Nacional de Francia, a Filharmónica Estatal Alemá de Renania-Palatinado, a Filharmónica de Dortmund, a Orquestra Nacional de Lyon, a Orquestra Sinfónica de Helsingborg e a Orquestra Filharmónica de Nagoya, entre outras. No verán de 2025 asumiu con moi pouca antelación a dirección da Orquestra do Festival de Lucerna. Colabora habitualmente con solistas internacionais como Alban Gerhardt, Anastasia Kobekina, Alexander Melnikov, Carolin Widmann e Sergej Nakariakov. Xunto ao violoncellista Gautier Capuçon e á Orquestra da Bretaña gravou o disco *Sensations* para ERATO/Warner Classics.

Paralelamente á súa tempada como directora musical en Amiens, que inclúe

varias series de concertos, a tempada 2025/26 marca o seu debut coa Orquestra do Gewandhaus de Leipzig e a súa estrea en América do Sur coa Orquestra Nacional de México. Novas invitacións levarana de volta ao Festival de Lucerna para dirixir o concerto dobre para violín e violoncello de Patricia Kopatchinskaja coa Orquestra Contemporánea. Tamén regresará a España para dirixir a Real Filharmonía de Galicia, así como concertos de tempada coa Orquestra Nacional de Sevilla e a Orquestra Regional de Murcia.

Iniciou a súa carreira na Ópera de Cámara de Colonia, onde traballou como directora asistente e repetidora en numerosas producións. Continúa ampliando de maneira constante o seu repertorio operístico, tendo dirixido no pasado producións como *Rusalka*, *Le nozze di Figaro*, *An Index of Metals* e *Die Fledermaus*. Na Ópera de Niza dirixiu *12 vies de Schönberg*, nunha produción de Bertrand Bonello.

No Concurso de Dirección MAWOMA 2019 en Viena, Malangré obtivo o primeiro premio e o premio da orquestra dun xurado presidido por Dominique Meyer, director

do Teatro alla Scala. En 2016/17 gañou o posto de directora asistente da Orquestra Sinfónica de Bergisch, formación coa que foi convidada de novo en varias ocasións.

A súa paixón por achegar o mundo da música orquestral a un público máis amplo, xunto cun especial interese pola creación de programas orientados a atraer novas audiencias á música clásica, levouna a fundar en 2019 a Orquestra do Festival HIDALGO, que reúne intérpretes novos de todas as orquestras da cidade de Múnic.

Graduada na recoñecida clase de dirección do profesor Johannes Schläfli en Zúric, Johanna Malangré recibiu formación e asesoramento de mestres como Bernard Haitink, Paavo Järvi, Nicolas Pasquet e Reinhard Goebel.

ALEXANDRA DARIESCU

PIANO

Alexandra Dariescu é unha das voces máis singulares e comprometidas do panorama pianístico internacional actual. Pianista de ampla proxección e espírito innovador, destaca pola súa curiosidade artística, a integridade do seu discurso musical e a defensa dun repertorio diverso e inclusivo, que abrangue desde os grandes clásicos ata obras redescubertas e estreas contemporáneas.

Solista habitual das principais orquestras do mundo, colaborou con formacións como a Orquestra Sinfónica da BBC, a Orquestra Sinfónica de Londres, a Orquestra Philharmonia, a Academia de St Martin in the Fields, a Orquestra Sinfónica de Detroit, a Orquestra Sinfónica de Melbourne, a Real Filharmónica de Estocolmo e a Filharmónica Danesa, entre moitas outras. Traballou con directores de prestixio como Ádám Fischer, Cristian Măcelaru, Alain Altinoglu, Sakari Oramo, Vasily Petrenko, Fabien Gabel ou Santtu-Matias Rouvali.

Recoñecida polo seu compromiso coa recuperación de obras inxustamente esquecidas, Dariescu protagonizou estreas e redescubrimentos de gran relevancia, como concertos para piano de Clara Schumann, Nadia Boulanger, George Enescu, Dora Pejačević ou Leokadiya Kashperova, así como novas creacións escritas expresamente para ela

por compositores actuais. O concerto para piano de Clara Schumann ocupa un lugar central no seu repertorio e converteuse nunha das súas interpretacións máis emblemáticas.

En 2017 acadou recoñecemento internacional co proxecto *The Nutcracker and I*, unha produción multimedia pioneira para piano só que combina música, danza e animación dixital, achegando a música clásica a novos públicos e xeracións máis novas.

A súa discografía, amplamente eloxiada pola crítica, inclúe nove gravacións, entre elas os concertos para piano de Clara Schumann e Grieg coa Orquestra Philharmonia, así como obras de Chopin, Tchaikovsky, Shostakovich e Lili Boulanger. Actuou en salas de referencia como o Royal Albert Hall, o Carnegie Hall, o Musikverein de Viena, a Sydney Opera House, o Wigmore Hall, o Barbican Centre e o BOZAR de Bruxelas.

Formada no Royal Northern College of Music e na Guildhall School of Music and Drama, Alexandra Dariescu é profesora de piano na Guildhall School of Music and Drama de Londres desde 2024 e continúa desenvolvendo unha intensa carreira internacional como intérprete, educadora e embaixadora dunha música clásica aberta, diversa e viva.

NOTAS AO PROGRAMA

IMPRESIÓNS NOCTURNAS

Esta noite a Real Filharmonía proponnos unha nova «historia» dentro da súa temporada de abono que terá como protagonista e eixo central ao compositor francés Maurice Ravel (do que no 2025 se cumpriron 150 anos do seu nacemento), quen compartirá programa con dúas autoras, Mary Howe e Lula Romero, e co seu compatriota e mestre Gabriel Fauré.

A primeira parte do concerto está conformada por dúas obras de Maurice Ravel: *Pavana para unha infanta defunta* e *Concerto para piano en Sol Maior*. O compositor naceu en Ciboure, un pequeno pobo do País Vasco francés, o 7 de marzo de 1875 e morreu en París en 1937. Os seus inicios na música foron da man do seu pai e logo formouse no prestixioso Conservatorio de París no que ingresa en 1889. Alí estuda piano con Anthione e Bériot, harmonía con Pessard, fuga e contrapunto con Gédalge e composición con Gabriel Fauré, mestre que hoxe tamén forma parte do programa. En 1910 participa na creación da Sociedade Musical Independente, adversaria da conservadora Sociedade Nacional de Música e poucos anos despois, durante a 1ª Guerra Mundial,

foi enviado á fronte como condutor dun camión, pero a súa fráxil saúde fixo que o desmobilizaran en 1917. A partir de 1933 comeza a padecer unha enfermidade cerebral que lle obriga a abandonar a música ata o fin dos seus días. Ravel é un autor de complexa clasificación, xa que aínda que normalmente se asocia ao impresionismo e á figura de Debussy, ten moitas outras influencias como a tradición francesa antiga de danzas estilizadas e da suite, o neoclasicismo (co emprego de tipos formais tradicionais), o jazz, o *blues*, a música cingara, o valse vienés ou a música española (como no seu famosísimo *Bolero*). Debido á súa habilidade para xuntar diversos materiais e formar un todo consistente e coherente dentro dunhas formas de enorme precisión Igor Stravinsky dicía del que era un «fabricante de reloxos suízos». O seu estilo presenta, a diferenza de Debussy, frases musicas máis delineadas, modelos rítmicos regulares e definidos, e harmonías complexas e disonancias que sempre acaban por resolverse dentro dun marco tonal. É por iso que o crítico e divulgador musical Alex Ross fala dunha «revolución de veludo», xa que

Ravel, máis que rompedor ou innovador, destacou en poñer ao día as técnicas de composición tradicionais a través do emprego de procedementos modernos.

A Pavana para unha infanta defunta é unha obra de xuventude, pois foi composta en 1899 con só 24 anos na súa versión orixinal para piano e dedicada a Edmond de Polignac. A obra estreouna o pianista catalán Ricardo Viñes o 5 de abril de 1902 na Sociedade Nacional de Música e en 1910 Ravel decidiu orquestrala (compre sinalar que foi un gran orquestrador como demostrou nos famosos *Cadros dunha exposición* de Mussorgsky). Esta versión, que é a que hoxe escoitaremos, estreouse nos Concertos Hasselmans en París o 25 de decembro de 1911 baixo a dirección de Alfredo Casella. A idea xeral da obra é retratar unha especie de escena na corte real española baseada nos cadros de Velázquez e protagonizada por unha princesa, sendo o clima xeral de melancolía e nobreza. A nivel formal, presenta unha estrutura denominada *gran lied* que poderíamos resumir co esquema A B A C A, sendo A o tema principal, B unha segunda idea de carácter enigmático e C outra de sonoridade distante e lendaria. O autor fai unha mirada cara o pasado e retoma aquí a tradición da pavana, unha danza binaria e lenta que durante o Renacemento tiña usos procesionais.

Boa mostra do eclecticismo raveliano é a seguinte obra do programa, o *Concerto para piano en Sol Maior* que foi composto simultaneamente co *Concerto para a man esquerda* entre finais de 1929 e o outono de 1931. Estes dous traballos presentan influencias do jazz e foron unha consecuencia dunha viaxe-xira que Ravel fixo polos EUA entre novembro de 1927 e abril de 1928, na que o autor se empapou dese estilo musical e do ritmo frenético do país. A obra que nos ocupa foi estreada o 14 de xaneiro de 1932 nos Concertos Lamoureux organizados pola Sala Pleyel de París coa pianista Marguerite Long (a quen Ravel dedicou o concerto) e co compositor como director –a idea inicial era que Ravel estreara a obra, pero graves problemas de saúde impedíronllo-. Xuntos realizaron unha xira europea por países como Bélxica, Austria, Romanía, Alemaña ou Holanda na que acadaron grandes éxitos. A reputada pianista eloxiou a obra afirmando que era «unha auténtica obra mestra onde a fantasía, o humor e o pintoresco establecen unha das melodías máis conmovedoras que borboriñara o corazón humano, e tal vez sexa este o seu maior atractivo en xeral. O uso e a colocación de achados harmónicos, rítmicos e melódicos máis orixinais, na contorna máis tradicional, esperta os máis recónditos recunchos da nosa sensibilidade cun toque discreto

e reservado». Estruturado como un concerto clásico en tres movementos (Allegremente, Adagio assai e Presto), a obra mostra características herdadas de Mozart, especialmente no aspecto e formal, e a brillantez propia de Saint-Saëns.

Na segunda parte, teremos ocasión de asistir á primeira audición en España da obra *Stars* de Mary Howe (1882-1964), compositora pianista e mecenas musical natural de Washington D.C., cidade na que pasou toda a súa vida. Formouse como pianista con Ernest Hutcheson e Harold Randolph no seu país e despois en Alemaña con Richard Burmeister; e tamén en composición no Conservatorio de Peabody e en 1933 coa prestixiosa Nadia Boulanger. Foi moi prolífica e traballou diversos xéneros como a canción para voz e piano (incluíndo ciclos sobre poemas de Goethe como *Sieben Goetheliedchen*), a música de cámara, o ballet (*Cards*) ou a música coral e a orquestral (*Sand, Potomac River* ou *Castellana*). Con moita frecuencia re-instrumentaba para outras combinacións moitos dos seus traballos como así foi o caso de *Stars*, que ao igual que a *Pavana* de Ravel, inicialmente era unha obra para piano só. As súas pezas orquestrais foron interpretadas por institucións tan importantes como a Orquestra de Filadelfia, a Filharmónica de Nova York, a Filharmónica de Viena

ou a Orquestra da BBC. O seu espírito inquieto levoulle a formar parte activa na fundación da Sociedade de Música de Cámara de Washington, a Sociedade de Compositoras Estadounidenses e a ser membro doutras asociacións como a Federación Nacional de Clubes de Música, a Liga de Compositores ou a Asociación Nacional de Compositores e Directores Estadounidenses.

Stars é un poema sinfónico en miniatura que dura pouco máis de tres minutos e foi composto en 1927. Este xénero xorde no Romanticismo dentro da música programática, é dicir, aquela que sempre fai referencia a un elemento extra-musical. Neste caso a inspiración veulle á Howe despois da contemplación da noite sentada nos soportais da súa casa e con ela pretendeu «evocar o ceo e o efecto gradualmente abafador da cúpula dunha noite estrelada: a súa paz, beleza e espazo». A compositora explicou que «as cordas abren a obra coa suxestión da inmensidade que se estende pola bóveda estrelada. A medida que a música avanza, a imaxinación déixase levar pola contemplación das impresionantes profundidades do espazo e a sensación de misterio e infinidade que o home compara coa súa insignificancia».

Seguidamente, escoitaremos, como xa ven sendo habitual, unha nova

estrea da serie cometas, neste caso da autoría de Lula Romero (1976). A compositora mallorquina afincada en Berlín é licenciada en Composición, Piano e Historia da Arte. Ademais, estudou un mestrado en composición no Real Conservatorio de A Haia e un doutoramento artístico na Doktoratsschule Kunstuniversität de Graz. Romero destaca como compositora de música instrumental e electroacústica, ademais de ser intérprete de sintetizador modular e electrónica, e ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns entre os que cabe salientar: Premio de composición do CDMC 2008 do Ministerio de Cultura español, Mención Honorífica do premio Fundación Autor-CDMC 2010, o Berlín-Rheinsberger Kompositionspreis 2011, o GIGA HERTZ Production prize 2014 for Electronic Music do ZKM e o SWR Experimentalstudio, ou os Kompositionsstipendium 2012, 2015 e 2024. No seu catálogo destacan obras como: *Displaced* para orquestra de cámara, *Desencuentros* para 2 pianos e electrónica ou *Dérive* para cuarteto de corda e electrónica que foron interpretados en festivais internacionais como o Sonification Festival de Berlín ou o MATA de Nova York e por conxuntos de música contemporánea como Nieuw Ensemble, Kairos Quartett ou Vertixe Sonora.

A nova partitura que hoxe nos da a coñecer noméase *Recurrence*, para orquestra, cuxo título é un xogo de palabras entre a locución inglesa *recurrence* (repetición) e a xa en desuso *currance* (corrente ou fluxo) en alusión ao seu carácter repetitivo por un lado e á súa calidade fluída e de movemento perpetuo por outro. Romero comenta que a obra «baséase nun motivo percusivo obsesivo e repetitivo. Este xesto aparece en varias iteracións e atravesa un proceso de fragmentación, desintegración e disolución entre os diferentes instrumentos da orquestra, nunha exploración dos seus distintos cores. A última iteración non adopta unha forma definitiva, senón que presenta, como un calidoscopio, unha das moitas manifestacións posibles dun mesmo material. A obra alude á imposibilidade de atopar respostas claras a aquelas preguntas ou ideas que se nos escapan das mans e que só podemos rodear nun van intento de definilas. Nunha segunda lectura, tamén fai referencia á resiliencia e obstinación que implica facer música experimental ou arte no contexto actual».

A última peza que hoxe interpreta a Real Filharmonía é a *Suite de Pelléas et Mélisande* op. 80 de Gabriel Fauré, autor posromántico francés nado en Pamiers o 12 de maio de 1848 e morto en París o 4 de novembro de 1924. Fauré traballou como organista en Rennes e despois en

París, e a partir de 1892 como inspector dos conservatorios. En 1896 accedeu como profesor á cátedra de composición do Conservatorio de París substituíndo a Massenet, institución na que, como sinalamos, foi profesor de Ravel. En 1903 quedou xordo, pero este feito non impediu que continuara cas súas labores musicais. En moitas ocasións foi relegado á figura de músico de salón, sen recoñecer a súa verdadeira valía, especialmente no campo da música de cámara.

A *Suite de Pelléas et Mélisande* op. 80 estreouse en París no mesmo marco que o *Concerto para piano en Sol Maior* de Ravel, os *Concerto Lamoureux*, baixo a dirección de Chevillard. Esta suite está baseada na obra teatral homónima escrita polo poeta simbolista Maurice Maeterlinck en 1893 que inspirou outras importantes composicións como a ópera *Pelléas et Mélisande* de Claude Debussy, o poema sinfónico *Pelléas et Mélisande* op. 5 de Arnold Schönberg ou a *Suite de Pelléas et Mélisande* op. 46 do finés Jean Sibelius. O argumento aborda o amor prohibido e maldito que se dá no triángulo establecido entre Pelleas, o seu irmán Golaud e Melisande nun reino imaxinario chamado Allemonde e baséase na historia entre Paolo Malatesta e Francesca da Rimini que tamén recreou Dante na súa *Divina Comedia*. A obra supón unha alegación escénica contra o

realismo pola suspensión da trama, coa presenza de cadros estáticos e elipses, e polo valor simbólico que adquire a linguaxe. Esta peza de Fauré xurdiu como música incidental despois do encargo da actriz inglesa Patrick Campbell en 1898 para estreir a obra teatral no seu país. O compositor aceptou a empresa pero deixou que se encargara da orquestración un discípulo seu. En 1900 decidiu elaborar unha suite en 5 movementos na que refixo, agora si, a orquestración da que non quedara moi satisfeito: "Preludio", "Fiandeira", "Canción de Mélisande", "Siciliana" e "A Morte de Mélisande". Na estrea evitouse o terceiro movemento que precisaba da interpretación dunha soprano, práctica que se fixou como a máis frecuente ata a actualidade. O protagonismo dos ventos é evidente na representación dos distintos personaxes, especialmente a frauta na "Siciliana", movemento que foi arranxado para distintas combinacións como violonchelo e piano, frauta e piano ou orquestra de cordas.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO

AO LONXE

XOVES 29 XANEIRO (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Raquel Areal, violín

- Voro García: Muffled cry (proxecto Cometas).
Estrea absoluta
- Serguéi Prokófiev: Concerto para violín núm. 2
en sol menor, Op. 63
- Jean Sibelius: Sinfonía núm. 2 en Re maior, Op. 43

CONVERSANDO CON... Baldur Brönnimann

e Raquel Areal

Sala Mozart, 19.45 h

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMONÍA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

